



## Correspondentes Xuvenís 3.0

### “Mocidade Europea en Movemento”

Co obxectivo de dar a coñecer os programas e iniciativas de mobilidade europea nos que pode participar a mocidade e incentivar a súa curiosidade pola nosa realidade desenvolveuse o día 29 de maio unha actividade na que Sofía Sanesteban Beceiro e Darío Martínez Jove nos informaron das posibilidades de mobilidade e nos contaron as súas experiencias.



Os alumnos e alumnas de 1º de BACH e 3º da ESO tivemos o privilexio de asistir a unha charla sobre o Erasmus da Unión Europea e sobre outros programas de voluntariado, impartida por Sofía, unha ferrolá licenciada en Dereito e Administración e Dirección de Empresas e Darío Martínez



Jove, un coruñés licenciado en Dereito. Actualmente ambos os dous traballan como persoal de apoio Oficina Europe Direct A Coruña. A medida que avanzaba a charla foi despertando cada vez máis o noso

interese e decidimos proporlles unha entrevista que eles aceptaron moi amablemente, na que falamos do seu traballo actual e da súa experiencia en proxectos europeos que resultou moi interesante.

**Europe Direct** é unha rede oficial de centros de información oficiais da Comisión Europea distribuídos entre os 28 estados membros da Unión. O centro de Europe Direct A Coruña naceu en 1996 baixo a denominación de Info-Point Europa e foi o segundo en crearse en España.

Europe Direct A Coruña figura entre os centros máis activos de España. Proporciona respostas a preguntas sobre os dereitos que conleva ser cidadán europeo, consultas sobre financiamento europeo, eurocharlas e fomenta o Networking. Tamén organiza xornadas, seminarios, foros e todos aqueles eventos que permitan reforzar os obxectivos citados anteriormente.

Pasamos a contar algunhas das súas experiencias:

**Sofía** realizou o seu Erasmus en Bélxica; prácticas de empresa en Polonia e ata hai uns meses estivo traballando no Parlamento Europeo. En Bruxelas non tivo ningún tipo de problema coa adaptación, xa que o ritmo de vida era similar ao de España. Na universidade, en Liège (Bélxica) podías usar tanto o inglés como o francés e non había ningún tipo

de distinción nin favoritismo cara a estudantes Erasmus en relación cos belgas. Realizou con éxito os seus estudos. Insiste na necesidade de tramitar todos os papeis para convalidar as notas antes de volver a España. Sorprendeulle moito que nos cambios entre clases os rapaces xa tomaban grandes xerros de cervexa e gofres. Mesmo a rúa cheiraba a gofre todo o día. Malia que lle roubaron en tres ocasións, a súa experiencia valóraa como moi positiva. Conta que a primeira vez que foi a denunciar a comisaria, lle puxeron un intérprete, pero despois xa non o precisou.

Porén, en Polonia as cousas sucederon dun xeito diferente. Primeiro asignáronlle un cuarto cun miserable sofá, pequeno e incómodo, para durmir; mais axiña solucionou o problema: instalouse nunha residencia. Para integrarse mellor asistiu a clases de polaco porque no mercado e pola rúa facíase entender por xestos se o interlocutor non entendía o inglés. Alí a xente nova era moi aberta e agarimosa. Na residencia na que se atopaba había persoas de moitas nacionalidades: austríacos, estadounidenses ... e fixo moitos amigos grazas a falar o inglés.

Durante o seu Erasmus, ademais de desfrutar da aprendizaxe, tamén gozou da posibilidade de viaxar nada máis e nada

menos que en dez meses por doce países: Holanda, Luxemburgo, Francia, Alemaña, Polonia, Letonia, Estonia, Suecia, Eslovaquia, Hungría e Austria, ademais da propia Bélxica. Hai moitos descontos para facilitar a mobilidade.



Preguntámoslles cando se iniciara o seu desexo de viaxar e coñecer mundo. Darío tardou en afeccionarse porque ata que foi de Erasmus estaba moi entretido nunha cidade tan atractiva como A Coruña; pero gustoulle tanto que dende aquela xa foi a varios lugares, como Alemaña ou Polonia. Sofía fixo a súa primeira longa viaxe con dous anos. Seus pais eran moi afeccionados ás viaxes e transmitíronllelo aos fillos (seu irmán está facendo un doutoramento en Medicina en Alemaña). Sofía di que viaxar é aditivo, que cando comezas non podes parar, e Darío ben que está de acordo!



Darío fixo o seu Erasmus na cidade italiana de Palermo. Describiuna como caótica, con edificios derrubados e rúas cheas de lixo; incluso a comparou cunha cidade de África! Malia isto, di que lle gustou moito, sobre

todo a xente, moi amable e con ganas de axudar. Adaptouse ben e conta que ao principio todo te sorprende, pero nun mes xa te acostumas. O seu consello : ser aberto e tentar adoptar a personalidade da xente do lugar.

Co italiano non lle foi mal, aínda que, ao parecer, non é tan fácil como pensamos, non abonda con poñer acento. Di que lle axudou saber galego. A xente de alí fala moi rápido e acompañanse de acenos coas mans constantemente. Velaquí algúns exemplos: se xuntas os dedos das mans, no típico xesto que pensamos que é para dicir que algo está bo, en realidade queremos dicir que temos medo; en cambio, cando nos gusta a comida temos que levar o dedo índice á meixela. Darío conseguiu aprender falando cos veciños e amigos logrando unha inmersión completa. Nos estudos tamén lle foi ben porque os tecnicismos da súa carreira son semellantes. As aulas estaban cheas; as clases eran ben diferentes; a xente sentaba no chan e algúns exames eran orais.

Non fai falta dicir que atopou cousas raras, o que máis lle chamou a atención? Que moitos vestían coma España nos anos sesenta, co pelo mal cortado, con chándal e con botas. Ademais conducían sen orde e de forma caótica. A comida tamén lle sorprende pola súa variedade e abundancia. Recomenda os xeados e as pizzas.

Sofía tamén traballou seis meses o ano pasado no Parlamento Europeo e agora está preparando unha oposición (Desexámoslle MOITA SORTE!) porque lle encantou a experiencia. No seu secretariado, a Comisión de Pesca (PECH), a multiculturalidade era un grande activo. O seu xefe era nórdico e había xente de moitos países que falaban indistintamente en francés e inglés. Destaca a importancia de



aprender idiomas e o beneficioso que é partir desde pequenos do coñecemento de dúas linguas, galego e



castelán.

A experiencia dos dous está chea de anécdotas. Darío ten un recordo moi gracioso dun negriño que sempre pasaba pola súa rúa nunha moto, coa música a tope e cun gorro de pikachu. Pero ten outros peores: unha vez estaba cos seus amigos xogando un partido de fútbol e de súpeto viñeron uns homes e botáronos de ali... a mafia. En Palermo había un volcán activo e pequenos terremotos, pero el non os percibía como outra xente.

Pola súa parte Sofía tamén nos conta algunha anécdota, como a que lle sucedera cando unha vez que camiñaba por unha rúa non turística de Varsovia, oíu que chamaban por ela: "Sofía". Virouse, e decatouse que era unha rapaza que coñecera en Ferrol. Realmente hai galegos en cada recuncho!

Para finalizar, eles recoméndonos a todos os estudantes que teñamos en conta a opción de viaxar para estudar no estranxeiro e aprender novas culturas e idiomas. Considérano absolutamente enriquecedor e nós xa estamos soñando con coñecer Europa.

**O centro Europe Direct A Coruña está situado na Deputación provincial da Coruña. Calquera persoa**



**interesada pode contactar a través do telf. 981 080 331, do correo [europedirect@dicoruna.es](mailto:europedirect@dicoruna.es) ou das nosas redes sociais [Twitter](#) e [Facebook](#) (<https://www.facebook.com/EuropeDirectCoruna>).**

**Tamén nos recomendan visitar o Portal Europeo de Xuventude:**

**[http://europa.eu/youth/country/76\\_es](http://europa.eu/youth/country/76_es) para estar informados e ter oportunidades.**

Equipo CX3.0: Lucía, Andrea, Paula, Ana, Sara